

Manifesto galego polo clima

Sustentabilidade e xustiza contra a crise climática

A mudanza climática está provocada principalmente pola queima de combustibles fósiles (carbón, petróleo e gas natural). A intensificación do efecto invernadoiro debida ás emisións humanas de dióxido de carbono (CO₂) e outros gases de invernadoiro é a causa dun quecemento global evidente. Os impactos negativos da mudanza climática inducida pola especie humana son xa significativos, pero os impactos máis catastróficos están aínda por vir se non actuamos a tempo para evitar que chegue a ser moi perigosa. Todo o mundo se vería afectado, pero serían os países empobrecidos e as persoas máis vulnerables as máis prexudicadas por unha posible catástrofe climática global que reduciría notablemente as dispoñibilidades de auga e alimento, levaría a numerosos ecosistemas e especies á extinción, dispararía os danos por secas e enchentes ou deixaría baixo as augas moitas terras costeiras, sen esquecer os graves impactos previstos sobre a saúde humana.

A crise climática é moito máis preocupante que a actual crise económica. A análise da información científica sobre os impactos actuais e proxectados da mudanza climática lévanos a concluír que estamos perante un desafío ineludible e urxente que implica a toda a humanidade. Se non estabilizamos o clima, as consecuencias ambientais, sociais e económicas serían terribles dentro xa de poucas décadas. Neste momento é necesario chegar a un acordo universal de redución de emisións ambicioso, xusto e vinculante se queremos evitar un cambio climático catastrófico.

Galicia non escapará aos efectos negativos da mudanza climática, máis graves canto máis intenso sexa o quecemento global: diminución da produtividade agraria e pesqueira, perda de diversidade biolóxica, maior incidencia dos incendios forestais, retroceso da liña de costa, etc.

Como parte do mundo enriquecido, Galicia é coresponsable do maior problema socioambiental global. As emisións galegas de gases de efecto invernadoiro aumentaron un 23,4% entre 1990 e 2007, menos que a media do Estado español pero máis que a media dos países industrializados. As nosas emisións por habitante son superiores non só ás emisións medias mundiais senón mesmo ás da Unión Europea. Nembargantes, Galicia podería xerar electricidade dabondo para satisfacer trinta veces a súa demanda eléctrica proxectada en 2050, desenvolvendo todo o potencial da solar, e nove veces desenvolvendo o seu potencial de eólica.

As centrais térmicas de carbón das Pontes e de Meirama son, con moita diferenza, os maiores focos emisores de CO₂ situados no noso territorio. Alén de contribuíren ás alteracións climáticas, producen contaminación atmosférica local por mor das emisións das súas chemineas e das descargas de carbón nos portos. As centrais de ciclo combinado a gas natural das Pontes e de Sabón son novas fábricas de cambio climático que se suman ás anteriores e para cuxo abastecemento se construiu unha impactante e perigosa planta regasificadora no interior da ría de Ferrol.

Despois da produción enerxética é o transporte -que duplicou as súas emisións desde 1990- o sector que máis contribúe á mudanza climática desde Galicia. Sufrimos un modelo de transporte moi dependente do coche e do camiión que se sustenta na marxinación do transporte colectivo e na construción de custosísimas infraestruturas que destrúen o territorio. Un modelo que non garante a cohesión social e o equilibrio territorial de forma ecoloxicamente sustentable. Aínda que Galicia presenta unha das redes de autovías e autoestradas máis densas de Europa, a Xunta e o Estado continúan a investir fortemente na súa ampliación, ignorando non só o problema das alteracións climáticas senón tamén a realidade próxima do cénit do petróleo, do declive da produción deste recurso non renovable do que depende case totalmente o noso insustentable sistema de transporte. Mentres se aceleran as obras do tren de alta velocidade para comunicar Galicia con Madrid, nada se fai para crear servizos ferroviarios de proximidade e péchanse estacións de tren no eixo atlántico que quedan fóra do novo trazado. A ampliación dos aeroportos para aumentar o tráfico aéreo é un despropósito climático que conleva tamén importantes custos sociais para as xentes que viven na súa contorna.

O ano 2009 é chave na loita contra a mudanza climática. No cumio do Convenio da ONU sobre Cambio Climático que terá lugar en Decembro en Copenhague decidírase a sinatura do acordo que substituirá ou ampliará o Protocolo de Quioto, cuxo primeiro período de compromiso conclúe en 2012, e que non foi ratificado ou non está a ser cumprido por algúns estados como España. As organizacións asinantes sumámonos desde Galicia á demanda dun novo acordo climático vinculante, xusto e ambicioso que comprometa aos países industrializados a reduciren as súas emisións en polo menos un 40% para 2020 (logrando polo menos as tres cuartas partes desa redución con medidas dentro do seu territorio), a respecto dos niveis de 1990. Para 2050, as emisións mundiais deberán reducirse polo menos nun 80%, co que as dos países industrializados deberán ser o máis próximas a cero que sexa posible.

A nivel galego, esiximos á Xunta, aos Concellos, ás forzas políticas e ás empresas que actúen para salvar o clima. Cómpre avanzar con paso firme cara a unha economía baixa en carbono que nos permita equilibrar, equitativamente co resto da humanidade, os nosos estándares de vida coa capacidade do planeta para soportalos, decrecendo o consumo de enerxía e de recursos naturais, e optando decididamente pola obtención de enerxía de fontes renovables. Temos, necesaria e inevitablemente, que adoptar novas formas de producir, de consumir, de desprazarnos,... que sexan ecoloxicamente sustentables e socialmente xustas.

Algunhas das medidas a adoptar desde Galicia que consideramos necesarias e urxentes son:

-Aprobar un Plan Galego de Acción Fronte á Mudanza Climática que sexa coherente coa información científica dispoñible en materia de mudanza climática, procurando, como mínimo, unha redución do 30% das emisións en 2020 a respecto de 1990. O Plan incluírá medidas de carácter normativo, educativo e fiscal.

-Desenvolver un decidido Programa de Aforro e Eficiencia Enerxética que atinxa en 2020 unha diminución mínima, en termos absolutos, do 20% do consumo de enerxía a respecto dos niveis de 2005.

-Estabelecer un calendario, con compromiso de seguimento, para o peche urxente das centrais térmicas de carbón das Pontes e de Meirama e impedir a construción de novas centrais térmicas que usen combustibles fósiles.

-Aprobar un novo e ambicioso Plan de Enerxías Renovables, que estableza o camiño, calendario e instrumentos necesarios para que Galicia cubra o antes posible, e non máis tarde de 2050, o 100% das súas necesidades de servizos enerxéticos con enerxías renovables obtidas no seu propio territorio e augas circundantes. Dito plan incluírá as medidas concretas necesarias para minimizar o seu impacto sobre o territorio e dará prioridade á xeración distribuída.

-Estabelecer unha moratoria na construción de novas autovías e autoestradas mentres non se aprobe un Plan Director de Transporte e Infraestruturas sustentable capaz de lograr unha transferencia sustancial de pasaxeiros e mercadorías cara aos modos menos consumidores de enerxía: ferrocarril convencional, transporte marítimo, autobús, bicicleta e marcha a pé.

-Promover un ordenamento do territorio que garanta o seu uso sustentable, preserve e intercomunique as zonas de valor ecolóxico e reduza a demanda de transporte motorizado.

-Desenvolver medidas concretas que aposten pola soberanía alimentaria, estimulando a produción e o consumo locais de alimentos de agricultura ecolóxica e labrega.

-Pechar canto antes a incineradora de SOGAMA para evitar as súas elevadas emisións de gases de invernadoiro e impulsar unha política de residuos urbanos que priorice a redución e aposte por un modelo de xestión descentralizado que cree unha rede de plantas comarcais de reciclaxe e compostaxe e desbote totalmente a incineración.

-Recoñecer e asumir a nosa débeda de carbono –parte da máis ampla débeda ecolóxica– e contribuír na medida das nosas responsabilidades e capacidade ao financiamento de accións concretas (sociais e tecnolóxicas) para a mitigación e adaptación á mudanza climática nos países empobrecidos.

- Incrementar as medidas para prevenir os incendios forestais e evitar emisións de CO₂ procedentes destes; promovendo o uso sustentable dos montes mediante a regulación de usos do solo e a inclusión da silvicultura preventiva nos planos de xestión dos montes.

A crise económica é unha oportunidade para iniciarmos a imprescindible transición cara a un modelo económico xusto e sustentable. É a nosa xeración, agora, quen ten a responsabilidade de iniciar este proceso. É tempo de actuar.